

**ASISTENTES:**

Aboal Somoza, Teresita
Albo López, Elena
Allegue Aguiete, Pilar
Álvarez Moreira, José Ángel
Álvarez Rodríguez, Rosana
Anaya Revuelta, Inmaculada
Andrés Iglesias, Jesús
Anido Rifón, Luis Eulogio
Araujo Otero, Uxía
Area Carracedo, Iván Carlos
Arias Estévez, Manuel
Barajas Alonso, Ángel Antonio
Barcia Rodríguez, Ignacio
Bardón González, María Jesús
Barreiro Blas, Antonio
Basalo Domínguez, David
Bergantiños Cid, Gustavo
Bergareche Gros, Almudena
Bernal Gómez, Rosa
Blanco Pesqueira, Antonia
Botana Ferreiro, Francisco Ramón
Bravo Bernárdez, Jorge
Búa Aguín, Sabela
Buch Gómez, Enrique Juan
Bueno Alonso, Jorge Luis
Bustillo Bolado, Roberto Orlando
Cabaleiro Rodríguez, Lara
Cabeza Pereiro, Jaime
Cabeza Pereiro, M^a Del Carmen
Campos Casal, Jacobo
Cancela Outeda, Celso
Carballo-Calero Ramos, M. Victoria
Cebro Rodríguez, Juan Manuel
Chavete Rodríguez, José
Cid Fernández, M^a Magdalena
Cid Fernández, Xosé Manuel
Cid Sabucedo, Alfonso
Corbacho Rosas, Eusebio
Cordero Rivera, Adolfo
Costas Currás, José Daniel
Cristóbal Ortega, M^a Julia
Cruces Colado, Susana
De La Torre Fraga, Daniel
De Miguel Palacios, Carlos
De Oca Cancela, Guillermo
Diamante Aguilar, Cristian
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Domecio Pissarro, Verónica
Domínguez Martín, Jorge
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Manfín, Generosa
Fernández Sobrino, Ramón Ángel
Fernández Souto, Ana Belén
Ferradás García, Miryan
Fonseca Bon, Cecilio
Fraiz Brea, José Antonio
Gago Rodríguez, Alberto
Gallego Veigas, Pedro Pablo
Gándara Pérez, José Antonio
García Cutrín, Francisco Javier
García Estévez, José Manuel
García Gil, Soledad
García Mateo, Carmen
García Vázquez, José Manuel
Garrido Suárez, Carlos
Garriga Domínguez, Ana
Gil Villanueva, José M^a
Giménez De Cal, Álvaro Javier
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Alonso, Xurxo
Gómez Rodríguez, Alma María

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 14 de febreiro de dous mil sete, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 14 de febreiro de 2007**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 12 de decembro de 2006.
2. Informe do reitor.
3. Situación do conflito de negociación colectiva do convenio do PAS laboral.
4. Presentación das liñas básicas do plan estratéxico da Universidade de Vigo.
5. Informe do Presidente do Tribunal de Garantías sobre os anos 2005 e 2006.
6. Elección de membros da comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU.
7. Elección de membros das seguintes Comisións para a elaboración de regulamentos:
 - COMISIÓN N^o 1: Regulamento de réxime económico e contratación.
Regulamento de PAS.
 - COMISIÓN N^o 2: Regulamento de estudantes.
Regulamento de exames.
 - COMISIÓN N^o 3: Regulamento de Profesorado.
 - COMISIÓN N^o 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia.
Regulamento de institutos universitarios.
 - COMISIÓN N^o 5: Regulamento de centros.
Regulamento de departamentos.
 - COMISIÓN N^o 6: Regulamento de tribunal de garantías.
Regulamento de réxime disciplinario.
8. Elección do seguintes postos vacantes no Tribunal de Garantías:
 - Sector outro persoal docente e investigador: 1.
 - Sector estudantes: 1.
9. Rogos e preguntas.

González Cespón, José Luis
 González Estévez, Emilio José Antonio
 González López, Rodrigo
 González Pillado, Esther
 González Piñeiro, Luis
 González Vázquez, Encarnación
 Graña Rodríguez, Ana María
 Hernández Sánchez, Jesús
 Jato Rodríguez, María Victoria
 Lago Ferreiro, Alfonso
 Legido Soto, José Luis
 Lence Madarro, Fernando
 Liz Marzán, Luis Manuel
 Llamas Nistal, Martín
 López Arana, Alba
 López Iglesias, Manuel
 López Vidal, María Del Pilar
 Lorenzo Merino, Fernando José
 Martín Lucas, Belén
 Martínez Piñeiro, Ana Belén
 Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
 Membiela Iglesias, Pedro
 Méndez Franco, Óscar
 Míguez Rodríguez, Antonio
 Míguez Tabarés, José Luis
 Mollinedo Lois, Carlos
 Morán Martínez, Mª Paloma
 Mosquera Nartallo, Carlos
 Moure Rodríguez, María José
 Navaza Dafonte, Francisco
 Nogueiras Gómez, María Alexandra
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Otero Camiña, José Luciano
 Palacio Sánchez, Xosé Antonio
 Paz López, José
 Pazó Martínez, Mª Consuelo
 Peleteiro Salgado, José
 Pena Uris, Gloria Mª
 Pérez Cota, Manuel
 Pérez Iglesias, Mª Teresa
 Pérez Rodríguez, Martín
 Piñeiro Díaz, Víctor
 Porteiro Fresco, Jacobo
 Pose Blanco, José
 Prada Blanco, Albino
 Prats Expemáns, Óscar
 Prieto Tobío, Joaquín
 Quintela Vilaríño, Francisco José
 Rama Martínez, Mª Esperanza
 Ramos Cabrer, Manuel
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín
 Rodeiro Iglesias, Javier
 Rodríguez Bailón, Elsa
 Rodríguez Domínguez, Víctor R.
 Romo Pérez, Mª Carmen
 Sáez Ocejo, José Luis
 Sánchez Bello, Patricio Alfredo
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
 Sánchez Otero, Nuria
 Santoalla Rodríguez, Álvaro Hugo
 Sieiro Vázquez, Carmen
 Soto Carballo, Jorge
 Soto Gutiérrez, Alfonso
 Suárez Pazos, Mercedes
 Sueiro López, Daniel
 Teijeira Bautista, Marta
 Terán Moldes, Mª Del Carmen
 Tojo Suárez, Mª De La Concepción
 Torres Vázquez, Luis
 Traveso Pardo, Carlos
 Vallejo Posada, Rafael
 Vaquero Díaz, Mª Beatriz
 Vázquez Dorrió, José Benito
 Vázquez Vázquez, Manuel

Inicia a sesión o Reitor informando ós membros do Claustro da incorporación dun novo punto na orde do día relativo á situación de conflito de negociación colectiva do convenio do PAS laboral (punto 3), a petición de máis dun 10 % de claustrais, de acordo co sinalado no art. 13.2 do RRICU. Seguidamente se pasa o primeiro punto.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 12 de decembro de 2006.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Informe do reitor.

Informa unicamente o reitor de que xa está colgado na páxina web da Universidade o informe do Consejo de Coordinación Universitaria sobre elaboración de planos de estudo.

Punto 3.- Situación do conflito de negociación colectiva do convenio do PAS laboral.

Teñen pedido por escrito o uso da palabra neste Claustro as seguintes persoas na súa calidade de membros do comité de folga:

Victoria Alonso Crespo
 Camen Serra Rodríguez
 Marisa Magaz Ledo
 Marcos Estévez Orge.
 Manuel Velasco Graña.

O reitor, en consonancia co acordado pola Mesa do Claustro, concede o uso da palabra a cada un deles durante cinco minutos para despois abrir unha quenda de intervencións de claustrais.

Intervén en primeiro lugar o Sr. Velasco quen inicia a súa intervención agradecendo á mesa a incorporación deste punto na orde do día e seguidamente fai unha crónica do acontecido durante o período de mais de dous anos que dura xa a negociación de convenio colectivo do PAS laboral: 15 de novembro de 2006: rexéitase por votación aplastante do persoal (80%) o preacordo asinado entre a Xerencia e un sindicato; o 5 de decembro do 2006: despois de cambios nos membros da comisión negociadora, os sindicatos pónense de acordo nunha proposta única de convenio que se presenta á Xerencia; o 18 de decembro de 2006: o xerente acusa recibo da proposta e se compromete a presentar un novo documento e reunir a mesa de novo antes do 15 de xaneiro de 2007; o 15 de

Veloso Fernández, Óscar
 Vera Isasa, María
 Vila Alonso, Mª De Las Mercedes
 Vila Pumares, Cristina
 Viñas Solla, Manuel
 Vivas De La Cruz, Ignacio
 Vivas Martínez, Carlos
 Yáñez López, José Carlos

DESCULPAN ASISTENCIA:

Cardenal López, Antonio
 Bringas López, Ana
 Liste Fernández, Araceli Mercedes
 Lorenzo García, Lourdes
 Pena Rodríguez, Alberto
 Pombal Diego, Manuel Ángel

xaneiro de 2007 a Xerencia envía un correo electrónico cunha proposta incompleta (sen parte económica) e convoca a mesa de negociación para o día 18, ese día a mesa reúne co vicexerente que comunica a baixa do xerente e afirma que non ten competencias para negociar. O reitor non accede a recibir ao Comité Intercentros. Comeza o peche do PAS na Reitoría e créase un comité de folga que organiza mobilizacións; o 23 de xaneiro de 2007: no Consello de Goberno o reitor comprométese a priorizar o estudo da solución ó conflito e nomear a un negociador; o 1 de febreiro de 2007: o xerente en funcións (vicexerente) preséntase na

mesa como competente para negociar e presenta unha proposta completa, que resulta ser inferior economicamente e cun articulado regresivo con respecto á proposta asinada pola Xerencia e rexeitada en referéndum polo persoal o día 15 de novembro; o 2 de febreiro de 2007: despois de ser solicitado polo xerente en funcións, a parte laboral faille entrega dun documento onde se poñen de manifesto as diferenzas existentes entre o articulado da súa proposta e a do persoal, e a análise económica das diferenzas existentes entre elas. O xerente en funcións comprométese a presentar antes do fin de semana unha proposta “seria”; o 8 de febreiro de 2007: a proposta concrétase na oferta de trienios por importe anual de 578,10 € que se percibirán prorrateándose en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias, e a paga compensatoria á que se refire a disposición adicional 8ª da dita proposta de 1.400 €. Finalmente se chega a este día despois de 28 días de peche diante do despacho do reitor.

Seguidamente esixe un negociador que se reúna a negociar con boa fe e sinala que o colectivo do PAS laboral continuará coas mobilizacións mentres a Universidade siga mantendo a mesma postura. A continuación enumera cales son os puntos conflictivos da negociación: o ámbito persoal do convenio, de xeito que todo o persoal con contrato estea incluído no mesmo; a non aplicación de artigos restritivos que non sexan de aplicación a outros colectivos; homologación real co PAS funcionario; a integración na Universidade de todas as áreas e servizos creados e que se termine a subcontratación. Remata a súa intervención o Sr. Velasco sinalando que a conflictividade é sindical e que os representantes da Universidade non están á altura e reitera a petición dun negociador capaz.

Cédese a palabra seguidamente á Sra. Magaz que inicia a súa intervención sinalando que a súa presenza no Claustro se debe a que existe un conflito debido a que a empresa está sen xerente e ninguén ocupa o seu posto, dado que o vicexerente o non quere o non sabe negociar. Require ó reitor para que nomee un negociador para conseguir un convenio mellor que o actual e resalta cales son as cuestións básicas: a homologación laboral co PAS funcionario para alcanzar a igualdade entre todo o colectivo PAS; promoción e formación para ter una Universidade de calidade; o pago dos atrasos dende 2005; convenio para todo o persoal contratado. Finaliza a súa intervención pedindo respecto para o seu colectivo.

Seguidamente ábrese unha quenda de intervencións de claustrais.

Toma a palabra o Sr. Torres quen agradece en primeiro termo a inclusión do punto relativo o conflito do PAS na orde do día e seguidamente fai un relatorio do acontecido dende fai dous anos, destacando que o maior erro foi non ter feito unha proposta conxunta á empresa. Como consecuencia do rexeitamento do preacordo, a CIG asumiu o erro e cambiou os negociadores da mesa e despois os sindicatos comprenderon a necesidade de cambio e fixeron unha proposta conxunta. Máis tarde, o Xerente fixo unha proposta o 15 de xaneiro que supoñía botar por terra todo

o negociado durante os últimos dous anos, seguidamente o xerente colleu unha baixa e o vixerente alegou a falta de competencias para negociar. A partir dese momento os compañeiros do PAS iniciaron un peche na reitoría. Aproveita o momento para agradecer a súa actuación ós compañeiros que están pechados e segue co relato dos feitos do último mes, no que acudiron ó Consello de Goberno a pedir un negociador, deixando claro que o PAS laboral quere negociar e pide unha persoa competente que teña vontade de negociar. Sinala que dá a impresión de que hai outras loitas de poder nos grupos altos de funcionariado e que o PAS laboral é unha moeda de cambio. Por último, manifesta que están dispostos a resistir para chegar a un convenio xusto.

Intervén o Sr. Fernández quen en primeiro lugar dá as grazas á mesa e a todos os que asinaron o escrito dirixido ó reitor pedindo a inclusión deste punto na orde do día. Manifesta que queren un convenio xusto e unha negociación xusta na que as dúas partes vaian con boa fe, poñendo de manifesto a unión que existe agora no PAS laboral que ten unha liña clara e única.

Toma a palabra o Sr. Mollinedo quen fai un chamamento para a comprensión do PAS laboral e sinala que o Consello Galego de Relacións Laborais non vai resolver todos os problemas do PAS e que se chega a unha situación esperpéntica debido á falta de competencia dalgúns en plural, o que é malo para todos. Prega solidariedade e comprensión, seriedade e cordura.

O Sr. Basalo recórdalle ao Sr. reitor que no anterior Claustro xa pediu un esforzo para chegar a un acordo e se comprometeu a poñer vontade para acadalo. Neste momento pide que se nomee a un negociador válido para poder negociar.

O Prof. Legido sinala que a súa posición respecto dos colectivos da Universidade é que se teñen que levar a cabo a través de mecanismos de representación pero agora os mecanismos no funcionan. O conflito actual afecta a toda a Universidade e corresponde a todos os membros da mesma poñer da súa parte para chegar a resolvelo, pero é ó Reitor a quen corresponde arbitrar as correspondentes medidas políticas.

O Sr. de Cal manifesta a súa solidariedade cos membros do PAS laboral e solicita maior compromiso negociador da Universidade.

O profesor Corvacho como membro de Nova Universidade subscribe as palabras do profesor Legido, pero como claustral sinala que ten escoitado cousas tanto prometedoras como preocupantes, en canto o Sr. Reitor falou de que íamos ir a máis velocidade e a resolver os problemas, pero tamén se escoitaron pitos dirixidos ó Reitor no último claustro. Neste momento, suscita unha cuestión de orde e sinala que quere oír a opinión do Reitor antes de oír ós claustrais.

Intervén o Sr. Quintela como representante do CAEF-Vigo manifestando que a folga é unha proba de resistencia e está abrindo unha brecha maior entre as partes do conflito e está prexudicando a todos. Esixe ó equipo reitoral que faga un esforzo par escoitar as peticións do PAS e a este que se esforce tamén para tentar chegar a un acordo.

Toma a palabra o profesor Bustillo para sinalar que chegados a este punto dun conflito longo que non só afecta ó PAS e ó Reitor, senón a toda a comunidade universitaria, e onde as posturas parecen opostas, existe un punto de encontro en canto as partes entenden que o prexuízo é para o funcionamento e a imaxe da Universidade. Na procura de solucións a mediación preséntase como a mellor opción, pese as reticencias do PAS, porque con ela do que se trata é de acercar posicións, sen que exista imposición ningunha. Remata a súa intervención facendo un chamamento para que as dúas partes do conflito pidan a mediación.

Rematada a quenda de intervencións, toma a palabra o reitor quen procede a explicar a posición e a actitude do equipo de goberno ante o problema da falta de acordo no “II Convenio Laboral do PAS”. Sinala que non vai entrar nos detalles do proceso negociador fracasado, porque nin debe, nin pode, debido a que a negociación do “II Convenio Laboral “ foi levada desde os seus inicios polo Xerente da Universidade, de baixa médica desde o pasado mes de xaneiro, e ninguén no seu lugar, e menos el mesmo, pode poñerse agora a expoñer e departir os detalles do que aconteceu ao longo de todo un bienio de negociacións. De todos os xeitos resume a actitude do equipo de goberno, como segue: desde o principio se quixo asumir un modelo de Xerencia baseado na promoción interna e con amplo grao de autonomía no seu funcionamento; este modelo de Xerencia leva implícito a asunción por parte do equipo de goberno do máximo respecto polos acordos acadados nas mesas sindicais de negociación; isto foi así incluso, como é coñecido, cando houbo acordos, como a última RPT para funcionarios, cos que o equipo de goberno mantiña algunhas discrepancias, pero estanse a aplicar eses Acordos e bos dolores de cabeza están causando, pero é un compromiso e había que cumprilo; neste modelo de Xerencia, a conexión entre os Acordos Sociais e os Orzamentos prodúcese todos os anos, coa previsión que fai a Xerencia e que directamente pasan ao Capítulo I, actuando como restrición para todo o resto de Programas. Así ocorreu en 2006 e tamén en 2007; este foi o modelo de Xerencia no que se desenvolveu toda a negociación do “II Convenio Laboral”. Este é o primeiro dato que debe quedar claro.

Continúa sinalando que dende o equipo de goberno están moi preocupados pola situación existente en canto é un tema de vital importancia para a Universidade e o seu funcionamento, ademais o nivel de deterioro é enorme no mesmo. En consecuencia, o Equipo de Goberno sempre quixo o acordo e sigo querendo con premura. Por esa razón, desde o equipo se está disposto a explotar todas as vías posibles, xa sexa mediación ou arbitraje; vale calquera fórmula de desbloqueo e se aceptará o resultado, ó que se compromete diante do Claustro. Finaliza a súa intervención o Reitor recordando que isto é cousa de dous, e que a mediación externa debe ser aceptada por todos.

Iníciase una rolda de réplica fronte á intervención do reitor.

Intervén o Sr. Velasco quen sinala que entre as funcións do reitor está a autoridade moral e neste momento ten que facela valer. En relación á mediación considera que neste momento non ten sentido posto que eles queren poder debater na mesa negociadora e despois quizais sexa necesario un mediador. Ademais a mediación supón un fracaso do reitor porque pon de manifesto a necesidade de chamar a alguén que obrigue a negociar ao xerente. Refírese tamén na súa intervención ás teorías conspiratorias sobre a imposibilidade de chegar a un acordo e sinala que este é un conflito sindical e nada máis; recorda que os problemas son sindicais: a aplicación do convenio aos contratados en proxectos de investigación e a redución dos cargos de libre designación e da administración precaria. Finaliza a súa intervención manifestando que o reitor é o responsable do xerente e se desenvolve unha política que é nociva para a Universidade, deberá tomar unha decisión ao respecto, en canto, fronte aos problemas do PAS, o xerente manifesta a súa incapacidade.

O Sr. reitor intervén novamente para pór de manifesto que das intervencións alí vertidas derívase cales son os puntos de desencontro, o que fai necesario buscar solución externa pautada e recoñecida; se isto non se considera apropiado, o xerente se reincorporará ás negociacións, o que pode supoñer que dentro dun mes as cousas estean igual, por iso reitera que a vía da mediación aparece como a máis axeitada.

Intervén o Sr. Torres quen insta que se dea unha solución, por iso debe retomarse a negociación e conseguir un plan de varios anos.

Prodúcense intervencións non solicitadas previamente de representantes do PAS laboral non claustrais relativas á conveniencia ou non da mediación.

Insiste o reitor na súa proposta de buscar un mediador.

O Sr. Velasco fai unha nova proposta, derivada de que xa co anterior reitor e co xerente Xulio Taboada, se constituíu a mesa de retribucións para resolver as cuestións do PAS. Considera que ese pode ser un bo modo de iniciar o acordo.

Intervén o Sr. Cebro quen sinala que o PAS funcionario é respectuoso co PAS laboral e se solidariza co mesmo, pero debe terse claro cal é o obxectivo fundamental que é conseguir un convenio para os compañeiros. Tendo en conta que o 90% do convenio é palla e que o relevante e o aspecto retributivo porque o resto das cuestións son solucionables, non se debe perder de vista o obxectivo final e non desviarse con outros aspectos. Por outra parte entende que a mediación non é boa porque supón un laudo.

O reitor non se opón á solución da mesa de retribucións pero pensa que esa non é unha solución inmediata. Explica ademais que a mediación non é unha arbitrase, que son dúas vías diferentes posto que na primeira á solución se chega polas propias partes, coa axuda do mediador que intenta acercar as posturas enfrontadas e na segunda, o árbitro resolve a través do laudo.

O Sr. Velasco recorda cal é a función dos sindicatos: a defensa dos dereitos do PAS, regulando as súas condicións.

O reitor sinala que das tres propostas suscitadas nas diversas intervencións, considera axeitada calquera: reiniciar as negociacións entre as partes, constituír a mesa de retribucións ou acudir a un mediador. Agora ben, manifesta que negociar co xerente supón retrasar 10 días a convocatoria da mesa negociadora mentres que a mediación é inmediata.

Os representantes do PAS laboral retíranse ás 12:05 para tomar unha decisión sobre unha das propostas presentadas.

Punto 4.- Presentación das liñas básicas do plan estratéxico da Universidade de Vigo.

Cédese a palabra ó Comisionado de Plan estratéxico da Universidade de Vigo quen expón as liñas básica do Plan estratéxico da Universidade de Vigo, de acordo co recollido no **anexo I**.

Punto 5.- Informe do Presidente do Tribunal de Garantías sobre os anos 2005 e 2006.

Cédese a palabra ó Presidente do Tribunal de Garantías quen informa sobre a actuación do Tribunal de Garantías nos anos 2005 e 2006, de acordo co exposto nos **anexos II e III**.

Punto 6.- Elección de membros da comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU.

Punto 7.- COMISIÓN Nº 1: Regulamento de réxime económico e contratación.
Regulamento de PAS.
COMISIÓN Nº 2: Regulamento de estudantes.
Regulamento de exames.
COMISIÓN Nº 3: Regulamento de Profesorado.
COMISIÓN Nº 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia.
Regulamento de institutos universitarios.
COMISIÓN Nº 5: Regulamento de centros.
Regulamento de departamentos.

COMISIÓN Nº 6: Regulamento de tribunal de garantías.
Regulamento de réxime disciplinario

Punto 8.- Elección do seguintes postos vacantes no Tribunal de Garantías:
Sector outro persoal docente e investigador: 1.
Sector estudantes: 1

Cédese a palabra á secretaria xeral para os puntos 6, 7 e 8, que serán tratados conxuntamente.

As comisións dos puntos 6 e 7 de acordo coa composición aprobada na sesión do Claustro de 12 de decembro de 2006 é a seguinte:

Presidente: reitor ou persoa en quen delegue.
6 representantes do Sector do Profesorado Funcionario Doutor.
2 representantes do Sector de Outro Persoal Docente e Investigador
5 representantes do Sector Estudantes.
2 representantes do Sector PAS.

No punto 8 trátase da elección de representantes do Tribunal de Garantías: un para o sector PDI-B e outro para o sector estudantes.

De todas as comisións relacionadas nos puntos 6 e 7 da orden do día, só é necesario facer votacións por haber máis candidatos que postos a cubrir, nas comisións e sectores que pasa a enumerar:

- Polo Sector PDI-A presentáronse 7 candidatos para 6 postos vacantes nas seguintes comisións:

- Comisión de Adaptación dos Estatutos á LOU. Os candidatos son:

Barcia Rodríguez, Ignacio.
Cabeza Pereiro Jaime.
Correa Otero, José María.
Domínguez Martín, Jorge.
Fraiz Brea, José Antonio.
Lago Ferreiro, Alfonso.
Vera Isasa, María.

- Comisión nº 3 (Regulamento de profesorado), Os candidatos son:

Fernández Manín, Generosa.
García Gil, Soledad.
Lorenzo Cimadevila, Enrique.
Míguez Tabarés, José Luis.
Ramos Cabrer, Manuel.
Suerio Justel, Joaquín.
Yáñez López, José Carlos.

- Comisión 4 (Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia. Regulamento de institutos universitarios), os candidatos son:

Alba Castro, José Luis.
 García Vázquez, José Manuel.
 Garriga Domínguez, Ana.
 Liste Fernández, Araceli.
 Pena Urís, Gloria M.
 Pérez Cota, Manuel.
 Rodríguez Berrocal, Francisco.

- Comisión 5 (Regulamento de centros. Regulamento de departamentos), os candidatos son:

Bravo Bernárdez, Jorge.
 Cancela Carral, José M^a.
 Gallego Veigas, Pedro Pablo.
 González Piñeiro, Luis.
 González Vázquez, Encarnación
 Peleteiro Salgado, José.
 Terán Moldes, M^a Carmen.

Así mesmo, polo sector de estudantes procede a votación na Comisión nº 2 (Regulamento de estudantes e Regulamento de exames), debido a que se presentaron 9 candidatos para 5 prazas. Os candidatos son:

Araújo Otero, Uxía.
 Giménez de Cal, Alvaro Javier.
 González López, Rodrigo.
 Lago Teijeiro, Xan.
 Méndez Franco, Óscar.
 Prats Expremáns, Óscar.
 Quintela Vilariño, Fco. José.
 Soto Gutiérrez, Alfonso.
 Viñas Fernández, Diego.

Finalmente tamén haberá que votar para cubrir os postos vacantes no Tribunal de Garantías, en canto que o Regulamento esixe que os membros do mesmo sexan elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes no sector correspondente.

Polo Sector PDI-B o candidato é:
 Soto Carballo, Jorge.

Polo Sector estudantes o candidato é:
 Rodríguez Domínguez, Víctor Ramón.

Expón seguidamente a secretaria xeral o procedemento para as votacións: haberá 6 urnas en total e as papeletas para votar en cada unha das comisións será de cor diferente.

- 4 urnas para o Sector PDI-A, unha para cada comisión:

- para a Comisión de Adaptación dos Estatutos á LOU: papeleta de cor branco
- para a Comisión 3, papeleta de cor azul forte.
- para a Comisión 4:papeleta de cor azul claro
- para a Comisión 5 papeleta de cor laranxa

Só se pode votar ao 70 por cen dos que deban ser elixidos: 4 candidatos.

- Unha soa urna para a votación dos representantes de estudantes na Comisión 2 e no Tribunal de Garantías.

- para a Comisión 2, papeleta de cor rosa escuro
- para o Tribunal de Garantías, papeleta de cor rosa claro.

Só se pode votar ó 70 por cen dos que deban ser elixidos: 4 candidatos.

- Unha urna para a votación do representante do Sector PDI-B no Tribunal de Garantías: papeleta de cor amarelo.

Antes de iniciar as votacións, pásase o último punto da orde do día:

Punto 9.- Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. Yáñez para preguntar sobre o plan de desgravacións docentes para os Titulares de Escola Universitaria con proxecto doutoral en canto o Reitor informou do mesmo no último claustro e, sen embargo, non aparece no plan de desgravación aprobado no Consello de Goberno do 23 de xaneiro.

O reitor remitirá a cuestión ó vicerreitor de Profesorado para so seu estudo.

O Sr. de Cal solicita que se inste a Vitrasa para que proceda á colocación de marquesiñas na Praza de España e na Praza de América, tamén que se arranxe o solo que está diante da Facultade de Ciencias, onde hai un lamazal e tampouco existe marquesiña. Reitera a petición de ampliación de horario da Biblioteca de Torrecedeira e que se plasme a ampliación dos fins de semana como estable para o ano que ven. Continúa o Sr. de Cal solicitando que se reduza o número de alumnos para prácticas xa que o número actual non é adecuado tendo en contra o tamaño das aulas e dos laboratorios, de tal xeito que os grupos terían que ser de 18 ou 20 alumnos. Por último, pide que se revisen os prezos de restauración e pon o exemplo de Torrecedeira onde é máis barato comer fóra que na Universidade.

Tómase nota de todas as cuestións.

Déixase de 13:00 a 13:30 horas para proceder ás votacións.

Unha vez rematadas as votacións pásase ó reconto des votos que é o seguinte:

- Comisión de Adaptación dos Estatutos á LOU

Votos emitidos: 75
 En branco: 3
 Nulos: 0

Barcia Rodríguez, Ignacio: 43
 Cabeza Pereiro Jaime: 23
 Correa Otero, José María: 46
 Domínguez Martín, Jorge: 43
 Fraiz Brea, José Antonio: 41
 Lago Ferreiro, Alfonso: 23
 Vera Isasa, María: 10

- Comisión nº 3 (Reglamento de Profesorado):

Votos emitidos: 75
 En branco: 2
 Nulos: 0

Fernández Manín, Generosa: 9
 García Gil, Soledad: 47
 Lorenzo Cimadevila, Enrique: 41
 Míguez Tabarés, José Luis: 44
 Ramos Cabrer, Manuel: 23
 Suerio Justel, Joaquín: 44
 Yáñez López, José Carlos: 20

- Comisión 4 (Reglamento de investigación, desenvolvemento e transferencia. Regulamento de institutos universitarios):

Votos emitidos: 75
 En branco: 4
 Nulos: 0

Alba Castro, José Luis: 47
 García Vázquez, José Manuel: 45
 Garriga Domínguez, Ana: 45
 Liste Fernández, Araceli: 47
 Pena Urís, Gloria M: 7
 Pérez Cota, Manuel: 23
 Rodríguez Berrocal, Francisco: 20

- Comisión 5 (Reglamento de centros. Regulamento de departamentos):

Votos emitidos: 75
 En branco: 2
 Nulos: 0

Bravo Bernárdez, Jorge: 44
 Cancela Carral, José M^a: 41
 Gallego Veigas, Pedro Pablo: 12

González Piñeiro, Luis:	45
González Vázquez, Encarnación:	42
Peleteiro Salgado, José:	23
Terán Moldes, M ^a Carmen:	23

- Comisión nº 2 (Regulamento de estudantes e Regulamento de exames):

Votos emitidos:	25
En branco:	0
Nulos:	0

Araújo Otero, Uxía: presenta a súa renuncia.

Giménez de Cal, Alvaro Javier:	1
González López, Rodrigo:	3
Lago Teijeiro, Xan:	13
Méndez Franco, Óscar:	20
Prats Expremáns, Óscar:	1
Quintela Vilariño, Fco. José:	21
Soto Gutiérrez, Alfonso:	16
Viñas Fernández, Diego:	16

- Tribunal de Garantías:

Sector PDI – B:

Soto Carballo, Jorge:

Votos emitidos:	10
A favor:	8
En branco:	2
Nulos:	0

Sector Estudiantes:

Rodríguez Domínguez, Víctor Ramón:

Votos emitidos:	24
A favor:	5
En branco:	19
Nulos:	0

Rematado o reconto de votos as distintas comisións quedan como sigue:

- Comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU:

PRESIDENTE:

GONZÁLEZ PILLADO, ESTHER M^a
SECTOR PROFESORADO FUNCIONARIO DOUTOR:
 BARCIA RODRÍGUEZ, IGNACIO
 CABEZA PEREIRO, JAIME
 CORREA OTERO, JOSÉ MARÍA
 DOMÍNGUEZ MARTÍN, JORGE
 FRAIZ BREA, JOSÉ ANTONIO
 LAGO FERREIRO, ALFONSO

SECTOR OUTRO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR:

CARBALLO PIÑEIRO, LAURA
 SOTO CARBALLO, JORGE

SECTOR ESTUDANTES:

GIMÉNEZ DE CAL, ÁLVARO JAVIER
 VIÑAS FERNÁNDEZ, DIEGO

SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

CEBRO RODRÍGUEZ, XOAN M
 FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO A.

COMISIÓN Nº 1: Regulamento de réxime económico e contratación.
 Regulamento de PAS.

PRESIDENTE:

MONTERO MUÑOZ, MARÍA

SECTOR PROFESORADO FUNCIONARIO DOUTOR:

CARBALLO GONZÁLEZ, ENRIQUE
 CID FERNÁNDEZ, M^a MAGDALENA
 CID FERNÁNDEZ, XOSÉ M.
 PALACIO SÁNCHEZ, JOSÉ ANTONIO
 PENA RODRÍGUEZ, ALBERTO
 POSE BLANCO, JOSÉ

SECTOR OUTRO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR:

RODEIRO IGLESIAS, JAVIER
 VIVAS MARTÍNEZ, CARLOS

SECTOR ESTUDANTES:

ARAUJO OTERO, UXÍA

SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

CEBRO RODRÍGUEZ, XOAN

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO

COMISIÓN Nº 2: Regulamento de estudantes.
 Regulamento de exames.

PRESIDENTE:

CABEZA PEREIRO, M^a DEL CARMEN

SECTOR PROFESORADO FUNCIONARIO DOUTOR:

CHAVETE RODRÍGUEZ, JOSÉ
CRUCES COLADO, SUSANA
MOURE RODRÍGUEZ, M. JOSÉ
NOMBELA CASTAÑO, MIGUEL A.
PAZÓ MARTÍNEZ, M^a CONSUELO
SUÁREZ PAZOS, MERCEDES

SECTOR OUTRO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR:

PORTEIRO FRESCO, JACOBO
MASCUÑÁN TOLÓN, PATRICIA S

SECTOR ESTUDANTES:

LAGO TEJEIRO, XAN
MÉNDEZ FRANCO, ÓSCAR
QUINTELA VILARIÑO, FCO. JOSÉ
SOTO GUTIÉRREZ, ALFONSO
VIÑAS FERNÁNDEZ, DIEGO

SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

BERNAL GÓMEZ, ROSA
NAVAZA DAFONTE, FRANCISCO

COMISIÓN Nº 3: Regulamento de Profesorado

PRESIDENTE:

ESTÉVEZ TORANZO, MARGARITA

SECTOR PROFESORADO FUNCIONARIO DOUTOR:

GARCÍA GIL, SOLEDAD
LORENZO CIMADEVILA, HENRIQUE
MÍGUEZ TABARÉS, JOSÉ LUIS
RAMOS CABRER, MANUEL
SUEIRO JUSTEL, JOAQUÍN
YÁÑEZ LÓPEZ, JOSÉ CARLOS

SECTOR OUTRO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR:

DIÉGUEZ CASTRILLÓN, M^a ISABEL

TEIJEIRA BAUTISTA, MARTA

SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

DE ANDRÉS IGLESIAS, JESÚS

GÁNDARA PÉREZ, JOSÉ A.

COMISIÓN Nº 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia
Regulamento de institutos universitarios

PRESIDENTE:

REIGOSA ROGER, MANUEL JOAQUÍN

SECTOR PROFESORADO FUNCIONARIO DOUTOR:

ALBA CASTRO, JOSÉ LUIS

GARCÍA VÁZQUEZ, JOSÉ MANUEL

GARRIGA DOMÍNGUEZ, ANA

LISTE FERNÁNDEZ, ARACELI MERCEDES

PÉREZ COTA, MANUEL

RODRÍGUEZ BERROCAL, FRANCISCO

SECTOR OUTRO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR:

ARIAS ESTÉVEZ, MANUEL

SECTOR ESTUDANTES:

LAGO TEIJEIRO, XAN

SÁNCHEZ OTERO, NURIA

SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

DE OCA CANCELA, GUILLERMO

MACÍAS CAMBRA, HENRIQUE

COMISIÓN Nº 5: Regulamento de centros
Regulamento de departamentos

PRESIDENTE:

GÁLVEZ GÁLVEZ, JUAN FRANCISCO

SECTOR PROFESORADO FUNCIONARIO DOUTOR:

BRAVO BERNÁRDEZ, JORGE

CANCELA CARRAL, JOSÉ M^a

GONZÁLEZ PIÑEIRO, LUIS

GONZÁLEZ VÁZQUEZ, ENCARNACIÓN

PELETEIRO SALGADO, JOSÉ

TERÁN MOLDES, M. CARMEN

SECTOR OUTRO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR:

GÓMEZ RODRÍGUEZ, ALMA M.

VAQUERO DÍAZ, M^a BEATRIZ

SECTOR ESTUDANTES:

MÍGUEZ RODRÍGUEZ, ANTONIO
QUINTELA VILARIÑO, FCO. JOSÉ

SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

ALBERTE PIVIDA, RODRIGO

COMISIÓN Nº 6: Regulamento de tribunal de garantías
Regulamento de réxime disciplinario

PRESIDENTE:

MEMBIELA IGLESIAS, PEDRO

SECTOR PROFESORADO FUNCIONARIO DOUTRO:

ARIAS SÁNCHEZ, PEDRO
GONZÁLEZ ESTÉVEZ, EMILIO J.A
PASTRANA CASTRO, LORENZO
PÉREZ IGLESIAS, M. TERESA
RAMA MARTÍNEZ, ESPERANZA
VÁZQUEZ VÁZQUEZ, MANUEL

SECTOR OUTRO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR:

GIL VILLANUEVA, JOSÉ M^a

SECTOR ESTUDANTES:

MÉNDEZ FRANCO, ÓSCAR

SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

MOLLINEDO LOIS, CARLOS

Foi elixido SOTO CARBALLO JORGE, para ocupar a praza vacante no Tribunal de Garantías no sector PDI – B, quedando unha vacante no sector de estudantes.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:05 horas do día 14 de febreiro de 2007, da que eu como secretaria xeral dou fe co Vº e pr. do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a González Pillado